



DIANA SANTIAGO IGLESIAS, SECRETARIA XERAL DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA,

CERTIFICO, que o Consello de Goberno de 24 de marzo de 2026, aprobou o calendario académico do curso 2026/2027, nos termos do documento adxunto.

E para que así conste, asino a presente certificación en Santiago de Compostela, co Vº e praxe do sr. reitor.

Vº e praxe

O reitor

Antonio López Díaz

CALENDARIO ACADÉMICO DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA O CURSO 2026-2027

(Aprobado polo Consello de Goberno o día 24 de marzo de 2026)

Primeiro. *Disposicións xerais*

1. O Calendario de actividades académicas de Grao e Máster é o marco temporal no que se desenvolven o conxunto de actividades formativa e as probas de avaliación nas titulacións que imparte a Universidade de Santiago de Compostela (USC).
2. Este calendario académico será de aplicación tanto aos centros da Universidade de Santiago de Compostela como aos centros adscritos a ela.
3. O curso académico 2026-2027 organizarase en dous períodos académicos e abarcará desde o día 1 de setembro de 2026 ata o día 31 de agosto de 2027. Non obstante, para os efectos da defensa de Traballos Fin de Grao (TFG) e Fin de Máster (TFM) e de realización de prácticas académicas externas curriculares e extracurriculares o curso rematará o día 30 de setembro de 2027.
4. O primeiro semestre para a impartición de docencia estenderase entre o días 4 de setembro e 18 de decembro de 2026. Nos másteres oficiais poderase retrasar o comezo do curso ata o día 18 de setembro de 2026.
5. O segundo semestre para a impartición de docencia estenderase entre os días 25 de xaneiro e 14 de maio de 2027.
6. A data límite de entrega dos traballos de fin de estudos (TFG e TFM) para a súa defensa no mes de setembro será o día 30 de xullo ou o día 10 de setembro de 2027, segundo determinen os centros.

Segundo. *Calendarios lectivos e de entrega de actas*

1. Períodos de actividade docente

Primeiro semestre	Inicio	Fin
Período lectivo	07/09/2026	18/12/2026
Defensa TFG/TFM	27/01/2027	19/02/2027
Segundo semestre	Inicio	Fin
Período lectivo	25/01/2027	14/05/2027
Defensa TFG/TFM	17/06/2027	16/07/2027
Defensa TFG/TFM (setembro)	02/09/2027	17/09/2027

2. Períodos de apertura de actas

Primeiro semestre	Inicio	Fin
Apertura de actas	14/12/2026	05/02/2027
Apertura de actas TFG/TFM (febreiro)	28/01/2027	26/02/2027
Segundo semestre	Inicio	Fin
Apertura de actas	10/05/2027	17/06/2027
Apertura de actas TFG/TFM (xullo)	18/06/2027	27/07/2027
Segunda oportunidade (primeiro semestre)	Inicio	Fin
Apertura de actas	10/05/2027	22/07/2027
Segunda oportunidade (segundo semestre)	Inicio	Fin
Apertura de actas	18/06/2027	22/07/2027
Defensa TFG/TFM (setembro)	Inicio	Fin
Apertura de actas	06/09/2027	24/09/2027
Actas consolidadas	Inicio	Fin
Período actas consolidadas	30/09/2027	08/10/2027
Actas prácticas externas		
Data límite entrega actas	08/10/2027	

Terceiro. Períodos de celebración de probas finais de avaliación

1. Cada centro, en función das súas circunstancias, fixará o calendario de probas finais de cada oportunidade dentro do período de apertura de actas, respectando en todo caso o prazo de revisión das cualificacións provisionais.
2. As probas finais deberán realizarse unha vez rematado o período lectivo correspondente. En ningún caso poderán ter lugar en tanto non estea concluída a actividade lectiva programada da materia correspondente.
3. Unha vez fixadas e publicadas as datas das probas finais só poderán ser modificadas cando

concorra unha causa xustificada. Nese caso o centro comunicará o cambio de inmediato ao estudantado e porao en coñecemento da Secretaría Xeral.

4. Consonte o artigo 8.2 da Normativa de avaliación do rendemento académico dos estudantes e de revisión de cualificacións, aprobada no Consello de Goberno do 15 de xuño de 2011 e modificada o 5 de abril de 2017 e o 30 de abril de 2025, *"A revisión levarase a cabo en dúas datas opcionais e deberá realizarse entre o día hábil seguinte á publicación dos resultados e o sétimo día hábil. Procurarase que estas revisións se poidan levar a cabo en horarios alternativos e que a segunda data sexa posterior ao terceiro día hábil"*
5. O último día para a publicación das listas de cualificacións será:
 - a) na primeira oportunidade do primeiro semestre o 28 de xaneiro de 2027
 - b) na primeira oportunidade do segundo semestre o 10 de xuño de 2027
 - c) na segunda oportunidade do primeiro e segundo semestre o 15 de xullo de 2027

Cuarto. *Convocatoria extraordinaria de fin de carreira para graos e másteres*

As datas de realización das probas da convocatoria extraordinaria de fin de carreira para as titulacións de grao e máster e a data límite para a sinatura das actas serán as previstas para a realización de probas finais de avaliación e sinatura de actas do primeiro período.

Quinto. *Períodos de interrupción da activade académica*

1. Serán non lectivos os seguintes períodos, nos que se interromperán as actividades académicas:
 - a) desde o día 21 de decembro de 2026 ata o día 7 de xaneiro de 2027, inclusive
 - b) o luns e o martes de Entroido (8 e 9 de febreiro de 2027),
 - c) a Semana Santa (desde o 22 de marzo ata o 26 de marzo de 2027, inclusive), e
 - d) o mes de agosto

Quedan exceptuadas desta prescrición as prácticas académicas externas, que se poderán desenvolver nestes períodos.
2. Terán tamén carácter non lectivo e non recuperable:
 - a) o día 4 de setembro de 2026, data prevista para o acto oficial de inauguración do curso
 - b) o día 29 de xaneiro de 2027, festividade de San Tomé de Aquino,
 - c) os días declarados festivos polo Estado, a Comunidade Autónoma e, en cada Campus, os correspondentes ás festas locais, e
 - d) en cada centro, o día de celebración da súa festividade, conforme ao seguinte calendario:
 - 4 de outubro (S. Francisco de Asís). Facultade de Veterinaria
 - 18 de outubro (S. Lucas). Facultade de Medicina e Odontoloxía (grao en Medicina)
 - 15 de novembro (S. Albeiro Magno). Facultades de Bioloxía, Física, Matemáticas, Química e Ciencias
 - 27 de novembro (S. Xosé de Calasanz). Facultade de Formación do Profesorado
 - 8 de decembro (Inmaculada). Facultade de Farmacia

- 13 de decembro (Sta. Otilia). Facultade de Óptica e Optometría
- 23 de xaneiro (S. Raimundo de Peñafort). Facultade de Dereito
- 9 de febreiro (Sta. Apolonia). Facultade de Medicina e Odontoloxía (grao en Odontoloxía)
- 24 de febreiro (Xoán Huarte de S. Xoán). Facultade de Psicoloxía
- 8 de marzo (S. Xoán de Deus). Facultade de Enfermería
- 9 de marzo (natalicio do Padre Sarmiento). Facultade de CC. da Educación
- 19 de marzo (San José). Facultade de Ciencias Políticas e Sociais.
- 5 de abril (S. Vicente Ferrer). Facultade de CC. Económicas e Empresariais e Fac. de Administración e Dirección de Empresas
- 15 de abril (natalicio de Leonardo da Vinci). Escola Técnica Superior de Enxeñaría
- 22 de abril (Día da Terra). Escola Politécnica Superior de Enxeñaría
- 26 de abril (S. Isidoro de Sevilla). Facultades de Filoloxía, Filosofía, Humanidades e Xeografía e Historia
- 1 de maio (Día do Traballo). Facultade de Relacións Laborais
- 3 de maio (Día da Liberdade de Expresión). Facultade de Ciencias da Comunicación

3. Non obstante, coa finalidade de aproveitar ao máximo os días lectivos, cando estas festividades coincidan en martes celebraranse o luns anterior e cando coincidan en mércores ou xoves trasladaranse ao venres seguinte.

As que coincidan en sábado, domingo ou festivo celebraranse o día lectivo anterior ou seguinte, a elección do Centro. Esta decisión deberá ser comunicada á Secretaría xeral.

Sexto. *Adaptación do calendario*

1. O calendario será único sen prexuízo de que cada centro, en función das súas circunstancias, poida propoñer unha adaptación do mesmo que requirirá autorización da Secretaría Xeral. Porén, no caso de que sexan necesarias adaptacións que xa se veñan producindo de xeito recorrente e foran autorizadas en cursos anteriores, será suficiente con comunicar á Secretaría Xeral que se mantén a necesidade de adaptar o calendario indicando as novas datas.
2. Nas titulacións conxuntas, os centros deberán comunicar á Secretaría Xeral as datas de inicio e remate das actividades docentes e de avaliación acordadas pola Comisión Académica xeral do título e, de ser o caso, solicitar a correspondente adaptación.
3. Nas titulacións que se impartan en réxime virtual ou híbrido poderán concentrarse as datas de realización dos exames establecendo calendarios adecuados ao seu réxime de impartición. Solicitarase á Secretaría Xeral a autorización correspondente.
4. As adaptacións deste calendario non poderán afectar aos períodos de apertura de actas agás que se trate de titulacións interuniversitarias ou que conorra unha causa debidamente xustificada.
5. As comunicacións sobre as adaptacións deberán realizarse antes do inicio do curso e faranse públicas nos sitios web do centro ou centros correspondentes e no da Secretaría Xeral.



Disposición final. *Entrada en vigor*

Este calendario entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial da USC.

Sinaturas dixitais / Firmas digitales / Digital signatures

Asinante/Firmante/Signer: DIANA SANTIAGO IGLESIAS,
SECRETARIA XERAL, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 25/03/2026 14:30:23.

Asinante/Firmante/Signer: ANTONIO LOPEZ DIAZ,
REITOR, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 26/03/2026 08:12:38.

CSV: 96CC-DB4A-451A-8F76